

PATRIMONIO

## Aprobado o proxecto de mellora enerxética da fachada nobre do Pazo de Raxoi

O Consorcio de Santiago celebrou a súa Comisión Executiva e Consello de Administración.

Na reunión foron aprobados, entre outros asuntos de trámite, o proxecto de mellora da eficiencia enerxética da fachada nobre do Pazo de Raxoi, a pasarela interior que unirá os dous corpos do conxunto de San Domingos de Bonaval ou a obra de acondicionamento da contorna da Colexiata de Sar.



Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/aprobado-o-proxecto-de-mellora-enerxetica-da-fachada-nobre-do-pazo-de-raxoi>

## A intervención do Consorcio de Santiago pon á disposición da cidadanía o cemiterio da Orde Terceira



O Consorcio de Santiago visitou o cemiterio da Orde Terceira Franciscana, situado xunto á capela do mesmo nome, no campiño de San Francisco, tralos traballos de recuperación desenvolvidos dende o ente interadministrativo.

O camposanto, que data do ano 1836, está aberto ao público os xoves, sábados e domingos, en horario de 12h a 14h. Trátase dun recuncho apenas coñecido da cidade que agora pode ser visitado pola cidadanía e que alberga os enterramentos de varias e coñecidas familias compostelás.

Os traballos de rehabilitación do cemiterio consistiron no acondicionamento e limpeza de todo o espazo, para que volvese ser accesible, así como a restauración da reixa de acceso, demolición dos tabiques laterais de ladrillo e a restauración da carpintería de acceso á sacristía.

PUBLICACIÓNS

## Un libro coeditado polo Consorcio de Santiago e a editorial Andavira afonda na figura do prateiro compostelán Ricardo Martínez Costoya

O Consorcio de Santiago presentou un libro da autoría de Ana Pérez Varela pertencente á Biblioteca Científica Compostelana e coeditado coa editorial Andavira no que se afonda sobre a vida de Ricardo Martínez Costoya, recoñecido orfebre compostelán, que traballou a cabalo entre os séculos XIX e XX.

Baixo o título "El platero compostelano. Ricardo Martínez Costoya (1859-1927). Contexto, vida y obra" o libro representa o máis amplo estudo sobre este artista compostelán, no que se inclúen extensos e minuciosos métodos de investigación e contextualización do seu traballo, que se pode enmarcar no campo do eclecticismo.



“

A obra, foi gañadora do VI Premio de Ensaio Histórico "Domingo Fontán", que convocan a Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela.

MÚSICA



## A Real Filharmonía pon fin á súa temporada de Viaxes con tres espectaculares concertos

A Real Filharmonía de Galicia porá punto e final á súa temporada 'Viaxes' con tres novos concertos no mes de maio. Entre estes tres, terá lugar 'Unha viaxe fantástica' o 19 e 20 de maio no que se producirá a estrea da obra Ilusións composta por Octavio Vázquez por encargo da RFG e dirixirá o mestre Paul Daniel. Ademais, o 5 e 6 de maio viaxaremos 'Do sur ao norte' e á 'Amazonia' os días 12 e 13 con Simone Menezes dirixindo e Camila Títinger como soprano.